



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### Data e hora de celebración

Xoves, 12 de decembro de 2019, ás 10:30 horas.

### Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

### Asistentes

- **Presidente:** Dona María José Varela Neira, 1ª Tenente da Alcaldía do Concello de Oleiros.
- **Vocais:**
  - Dª Sandra Fernández Fernández, Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación
  - Dª. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
  - Dª Mª Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello.
  - D. Jacobo Molina Saenz, Interventor Accidental do Concello.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García.
- **Técnicos asistentes:**
  - Dª Isabel María Freire Ramos, enxeñeira municipal, para a contratación nº 2019/CONTRAT/000107
  - D. Iñaki Cubillo Bueno, enxeñeiro municipal, para a contratación nº 2019/CONTRAT/000108
  - Don Ramón E. Martín Palma, coordinador da área de Servizos, para a contratación nº 2019/CONTRAT/000131

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na orde do día:





## Orde do día

### 1.- 2019/CONTRAT/000107 – PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE AGURNIÑO

- Acto público de:
  - Ditame sobre oferta incurso en situación de anormalmente baixa.
  - Valoración das proposicións (criterios obxectivos)
  - Proposta de adxudicación, se procede.

### 2.- 2019/CONTRAT/000108 – ACTUACIÓN NA URBANIZACIÓN “O BOSQUE”

- Acto público de:
  - Ditame sobre oferta incurso en situación de anormalmente baixa.
  - Valoración das proposicións (criterios obxectivos)
  - Proposta de adxudicación, se procede.

### 3.- 2019/CONTRAT/000129 – CONTRATO ESCOLA MUNICIPAL DE OLEIROS 2020-2021

- Acto non público de:
  - Ditame sobre documentación presentada por D. Antonio Manuel Román Vázquez.
  - Ditame sobre escrito presentado por D<sup>a</sup> Laura Delgado Lodeiro, apoderada do licitador “RÚA PUMAR MÉNDEZ, 6 CAMBRE 15660”
- Acto público, se procede, de:
  - Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos)
  - Apertura dos sobres nº 3 (criterios obxectivos)
  - Valoración, se procede, dos sobres nº 3
  - Proposta de adxudicación, se procede

### 4.- 2019/CONTRAT/000131 – LIMPEZA DO CEIP “JUANA DE VEGA” - NÓS

- Acto público de:
  - Ditame sobre oferta incurso en situación de anormalmente baixa.
  - Valoración das proposicións (criterios obxectivos)
  - Proposta de adxudicación, se procede.





## 1.- 2019/CONTRAT/000107: “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AGURNIÑO”.

Mediante Resolución 2019004232, de 17 de outubro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da execución da obra de “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AGURNIÑO”.

O orzamento da licitación é de 59.691,99 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (12.535,32 €), o que supón un importe de 72.227,31 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 17 de outubro do 2019.

Rematado o día 6 de novembro de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A-15.008.485	06-11-2019 15:15
CANARGA, S.L.	B-15.360.902	06-11-2019 17:48
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B-15.072.713	06-11-2019 10:34
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.	A-15.013.162	06-11-2019 17:23
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	B-32.211.716	06-11-2019 10:50

En sesión da Mesa de Contratación do día 7 de novembro, procedeuse a remitir os arquivos ou sobres electrónicos B a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no PCAP.

Mediante informe de data 27 de novembro de 2019, dona Isabel María Freire Ramos, enxeñeira municipal do Concello de Oleiros, procedeu a valorar os sobres electrónicos B presentados, de acordo cos criterios reflectidos no PCAP.

A Mesa de Contratación reuniuse de novo o día 28 de novembro de 2019 para dar conta do informe técnico emitido en relación cos sobres electrónicos “B” e, se procede, realiza-lo acto de apertura dos sobres electrónicos “C”.

Así, de acordo co informe técnico, as puntuacións outorgadas ás empresas licitadoras no que respecta aos sobres “B” serían as seguintes:

NOME DA EMPRESA	PUNTUACIÓN CRITERIOS SUBXECTIVOS: PROGRAMA DE TRABALLOS
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	17,50/25,00
CANARGA, S.L.	14,75/25,00
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	25,00/25,00
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUC., S.A.	25,00/25,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	12,25/25,00





Dado que no Anexo IV do PCAP que rexe a licitación indícase que as empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración subxectivos non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios; a Mesa de Contratación acordou excluír do procedemento á empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. (B-32.211.716).

Procedeu a Mesa entón á comprobación da documentación correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Unha vez remitidas aos servizos económicos da Mesa as ofertas presentadas para que procedan á súa valoración, estes comprobaron que, consonte ao establecido nos pregos, a empresa CANARGA, S.L. atopárase en situación de oferta anormalmente baixa.

Así, a Mesa de contratación acordou na citada sesión de 28 de novembro que se lle conceda á empresa CANARGA, S.L. (B-15.360.902) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares, en relación coa licitación 2019/CONTRAT/000107: "PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AGURNIÑO".

A empresa CANARGA, S.L. presenta o día 29 de novembro de 2019, dentro do prazo concedido, a documentación que considera oportuna para acreditar e xustificar a devandita baixa, que se remite aos servizos técnicos para a súa avaliación.

O día 11 de decembro do 2019 asínase informe no que se analiza a documentación presentada pola empresa.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do informe emitido e procedera, se é o caso, á valoración da documentación contida nos sobres "C".

Xa que logo, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente; o técnico dá conta do informe emitido, informe que consta no expediente e que conclúe considerando non xustificada a oferta anormalmente baixa presentada por "Canarga, S.L."

O informe completo publicarase xunto con esta Acta no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

A Mesa, en consecuencia, toma coñecemento do informe emitido e, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Excluír da licitación á empresa CANARGA, S.L. (B-15.360.902), por entender non xustificada a oferta anormalmente baixa presentada no procedemento de licitación 2019/CONTRAT/000107: "PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AGURNIÑO".

A continuación, a documentación presentada polos licitadores admitidos relativa á oferta económica e demais criterios obxectivos, aberta en sesión de 28 de novembro de 2019, é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.





Unha vez remitida a avaliación polo equipo técnico, este valorou as ofertas admitidas de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:

NOME EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		PLAN DE IGUALDADE		PRAZO DE GARANTÍA		PUNTUACIÓN SOBRE C
	Importe	Puntuación	Sí/Non	Puntuación	Prazo	Puntuación	
ARIAS INFRAESTR., S.A.	48.397,93 €	20,72	Si	25,00	1+4 anos	25,00	70,72 / 75,00
LÓPEZ CAO, S.L.	53.720,00 €	12,15	Si	25,00	1+4 anos	25,00	62,15 / 75,00
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS, S.A.	52.050,00 €	15,14	Si	25,00	1+4 anos	25,00	65,40 / 75,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AGURNIÑO					
POSIC.	EMPRESA	NIF	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1	JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.	A-15.013.162	25,00 / 25,00	65,40 / 75,00	90,40
2	ARIAS INFRAESTRUTURAS, S.A.	A-15.008.485	17,50 / 25,00	70,72 / 75,00	88,22
3	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B-15.072.713	25,00 / 25,00	62,15 / 75,00	87,15

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado "PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AGURNIÑO" á empresa JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. (A-15.013.162) polo importe de 52.050,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada





## 2.- 2019/CONTRAT/000108: "ACTUACIÓNS NA URBANIZACIÓN O BOSQUE".

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2019004231, de 17 de outubro de 2019, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da execución da obra de "ACTUACIÓNS NA URBANIZACIÓN O BOSQUE".

O orzamento da licitación é de 187.192,66 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (39.310,46 €), o que supón un importe de 226.503,12 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 17 de outubro do 2019.

Rematado o día 6 de novembro de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da Empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A15008485	06-11-2019 15:36
CANARGA, S.L.	B15360902	06-11-2019 18:10
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	06-11-2019 10:03
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	B32211716	05-11-2019 14:24
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B70372032	06-11-2019 16:50

En sesión da Mesa de Contratación do día 7 de novembro, procedeuse a remitir os arquivos ou sobres electrónicos B a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no PCAP.

Mediante informe de data 18 de novembro de 2019, don Iñaki Cubillo Bueno, enxeñeiro municipal do Concello de Oleiros, procede a valorar os sobres electrónicos "B" presentados, de acordo cos criterios reflectidos no PCAP.

A Mesa de Contratación reuniuse de novo o día 28 de novembro de 2019 para dar conta do informe técnico emitido en relación cos sobres electrónicos "B" e, se procede, realiza-lo acto de apertura dos sobres electrónicos "C".

Así, de acordo co informe técnico, as puntuacións outorgadas ás empresas licitadoras no que respecta aos sobres "B" serían as seguintes:

NOME DA EMPRESA	PUNTUACIÓN CRITERIOS SUBJECTIVOS: PROGRAMA DE TRABALLOS
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	25,00 / 25,00
CANARGA, S.L.	16,50 / 25,00
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	24,75 / 25,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	12,00 / 25,00
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	12,25 / 25,00





Así, e dado que no Anexo IV do PCAP que rexe a licitación indícase que as empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración subxectivos non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios; a Mesa de Contratación acordou excluír ás empresas OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. (B-32.211.716) e SERGONSA SERVICIOS, S.L. (B-70.372.032).

Procedeu a Mesa entón á comprobación da documentación correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Unha vez remitidas aos servizos económicos da Mesa as ofertas admitidas para que procederan á súa valoración, estes comprobaron que, consonte ao establecido nos pregos, a empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. atopárase en situación de oferta anormalmente baixa.

Así, a Mesa de contratación acordou na citada sesión de 28 de novembro que se lle conceda á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. (A-15.008.485) un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares, en relación coa licitación 2019/CONTRAT/000108: "ACTUACIÓNS NA URBANIZACIÓN O BOSQUE".

A empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. presentou o día 5 de decembro do 2019, dentro do prazo concedido, a documentación que considera oportuna para acreditar e xustificar a devandita baixa, que se remite aos servizos técnicos para a súa avaliación.

O día 12 de decembro do 2019 asínase informe no que se analiza a documentación presentada pola empresa.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do informe emitido e procedera, se é o caso, á valoración da documentación contida nos sobres "C".

Xa que logo, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente; o técnico asistente dá conta do informe técnico emitido, informe que consta no expediente e que conclúe considerando xustificada a oferta anormalmente baixa presentada por "Arias Infraestructuras, S.A."

O informe completo publicarase xunto con esta Acta no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

E a Mesa, en consecuencia, toma coñecemento do informe emitido e, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Admitir a esta licitación á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. (A-15.008.485), por entender xustificada a oferta anormalmente baixa presentada no procedemento de licitación 2019/CONTRAT/000108: "ACTUACIÓNS NA URBANIZACIÓN O BOSQUE".

A continuación, a documentación presentada polos licitadores admitidos relativa á oferta económica e demais criterios obxectivos, aberta en sesión de 28 de novembro de 2019, é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.





Unha vez remitida a avaliación polo equipo técnico, este valorou as ofertas admitidas de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:

NOME EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		PLAN DE IGUALDADE		PRAZO DE GARANTÍA		PUNTUACIÓN SOBRE C
	Importe	Puntuación	Sí/Non	Puntuación	Prazo	Puntuación	
ARIAS INFRAES. S.A.	153.890,25 €	19,59	Si	25,00	1+4 anos	25,00	69,59 / 75,00
CANARGA, S.L.	173.140,49 €	8,76	Si	25,00	1+4 anos	25,00	58,76 / 75,00
LÓPEZ CAO, S.L.	174.330,00 €	8,02	Si	25,00	1+4 anos	25,00	58,02 / 75,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

**PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AGURNIÑO**

POSIC.	EMPRESA	NIF	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A-15.008.485	25,00 / 25,00	69,59 / 75,00	94,59
2	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B-15.072.713	24,75 / 25,00	58,02 / 75,00	82,77
3	CANARGA, S.L.	B-15.360.902	16,50 / 25,00	58,76 / 75,00	75,26

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado "ACTUACIÓNS NA URBANIZACIÓN O BOSQUE" á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. con CIF núm. A-15.008.485 polo importe de 153.890,25 € € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.







### 3.- 2019/CONTRAT/000129 – “CONTRATO ESCOLA MUNICIPAL DE OLERÍA (2020-2021)”

Mediante Resolución 2019004589, de 5 de novembro, aprobouse a licitación do servizo do “CONTRATO ESCOLA MUNICIPAL DE OLERÍA 2020-2021”, a través de procedemento aberto.

O orzamento da licitación é de 38.621,20 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.110,45 €), o que supón un importe de 46.731,65 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 6 de novembro do 2019.

Rematado o día 21 de novembro de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da Empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ANTONIO MANUEL ROMÁN VÁZQUEZ	34.901.548-Z	21-11-2019 14:43
APARICIO AÑÓN CAAMAÑO	76.313.512-H	19-11-2019 16:05
LAURA MARÍA DELGADO LODEIRO	53.161.556-T	18-11-2019 14:17

A Mesa de Contratación reunida o 26 de novembro de 2019, procedeuse, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa”, detectándose as seguintes incidencias:

- O licitador ANTONIO MANUEL ROMÁN VÁZQUEZ indica que subcontractará parte da prestación con TERRALUME (Susana Emilia González Amado, 32.769.809-F), pero non presenta DEUC do subcontratista, tal e como se esixe no Anexo III do PCAP (punto 4 do apartado “Aclaracións”).
- A licitadora LAURA MARÍA DELGADO LODEIRO envía a documentación nun formato .csig, que non se pode abrir polos servizos administrativos da Mesa de Contratación.

Xa que logo, os arquivos son postos a disposición do Departamento de Informática do Concello de Oleiros.

Dada a situación, procedeuse á suspensión da celebración da Mesa de Contratación ata que o Departamento de Informática comunique se é posible ou non a apertura da documentación presentada pola licitadora LAURA MARÍA DELGADO LODEIRO.

O propio 26 de novembro de 2019, ás 14.30 horas, o Departamento de Informática do Concello de Oleiros comunica á Área de Contratación que resulta imposible abrir a documentación presentada por dona LAURA MARÍA DELGADO LODEIRO, dado que os arquivos .csig son sinaturas dixitais que non veñen vinculadas a un documento con contido. É por iso que o que se achega na oferta presentada non é documentación administrativa ou unha oferta, senón simplemente sinaturas sen un arquivo con contido.





Así, a Mesa reunida o 27 de novembro de 2019 (continuación da do 26 de novembro), acordou excluír da licitación a dona LAURA MARÍA DELGADO LODEIRO (53.161.556-T), por non ser posible a apertura dos arquivos presentados a través da Plataforma de Contratación do Estado pola licitadora, ao atoparse baleira de contido.

Así mesmo, acordou a admisión de don APARICIO AÑÓN CAAMAÑO (76.313.512-H) e a admisión provisional de don ANTONIO MANUEL ROMÁN VÁZQUEZ (34.901.548-Z), concedéndolle un prazo de 3 días hábiles para que proceda a presentar o DEUC do subcontratista TERRALUME (Susana Emilia González Amado, 32.769.809-F) a través do sobre electrónico que se habilitou para tal fin na Plataforma de Contratación do Estado.

Na mesma sesión da Mesa de Contratación do día 27 de novembro, procedeuse a remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 das empresas admitidas a informe dos servizos técnicos para que foran avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

O día 28 de novembro de 2019, dentro do prazo concedido, Don Antonio Manuel Román Vázquez presenta a documentación que considera oportuna para emendar o defecto referido.

Por outra parte, o día 29 de novembro de 2019 e NRE 2019020457, dona Laura María Delgado Lodeiro presenta escrito no que solicita que se reconsidere a súa oferta e se lle requira a documentación que aparece baleira.

Xa que logo, procedería que a Mesa de Contratación resolvese sobre do escrito presentado por D<sup>a</sup> Laura M<sup>a</sup> Delgado Lodeiro e, se procede, continuase cos actos de apertura da documentación presentada polas empresas participantes.

Así, neste intre, a Mesa de Contratación, en acto non público, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir de xeito definitivo á licitación a don ANTONIO MANUEL ROMÁN VÁZQUEZ (34.901.548-Z), por ter subsanada a deficiencia administrativa referida.

**SEGUNDO.-** Tras ter consultado coa Plataforma de Contratación do Estado e ter revisado a doutrina dos Tribunais de Contratación Administrativa; reconsiderar a súa decisión de excluír a dona LAURA MARÍA DELGADO LODEIRO (53.161.556-T) e anular a proposta de exclusión, procedendo á súa admisión provisional, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles para que proceda á subsanación da documentación administrativa que habería de conter o sobre nº 1.

A continuación, procédese á apertura do sobre electrónico nº 2 da licitadora dona LAURA MARÍA DELGADO LODEIRO (53.161.556-T), para a súa avaliación mediante informe dos servizos técnicos de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

A documentación incluída no devandito sobre atópase en formato “.doc”, polo que se procede á súa apertura para a visualización do contido.

Así, transcríbese literalmente a continuación o documento, que consta de 6 follas:





2.1  
CODICE 2.04  
33178398  
2019-11-06  
12:11:22.593

2019/CONTRAT/000129  
277163841  
2  
26  
Contrato Escola Municipal de Olería 2020021

38621.2

288138593

A Coruña  
ES111

Oleiros  
15173

Alcaldía del Ayuntamiento de Oleiros

1  
1

92000000

2019-11-21  
19:00:00.000

MIIBIjANBqkqhkiG9w0BAQEFAAOCAQ8AMIIBCgKCAQEAKO6UR5Eg+KBjxVczLo  
TpUsZPaZyttLtl03I9pBHpECjiD/t++BvEKnjGVEeLiO4tuUMeHbGmBel38SkLnsV2HrrJZ  
RL6b0A1qIVZuS8N7oOUWDDZr+8wLQXPIE0MdUeG+ziLdO6N0fk0Q5mSpubCyWiO  
XtwXcMsdBXaGyTyPSaGxywt+ZBCak8yZb58rDNW1XuozZKi51ser/Wqis7O3nOvk1g  
k3ckgnl/6ldcZsXx9FDd/yiSsteYC+Rz+t4ojdNJ8gTfr/UeRZUv10H8+3iXhmk0Leol3JDoB9  
Ymsmjg2y1Bj3D8qPPOtR+7jgnMsPBEGogDEIHnlPpkVo832wIDAQAB  
MIIBIjANBqkqhkiG9w0BAQEFAAOCAQ8AMIIBCgKCAQEAtW94BK/qnFLt1kOeMUj  
Ie9U3iI5Yriyl7RpYh2bSY5bM2lWlEoWnlhcTmHJNR4fXIHxvo/TskFQbnyKIFVIRA5E  
YQyPIYg00nosKWi+TIJbX06u/O6+ee/pSj9fZd89vCrvJDigARnwlCFhlBT+EEYMzAA0n  
G1hCTgx3mmEKV2qiulDpJhXZDIUs1SoZLzCismK8qikUYYPJgHRVzLOL6X6F5k3xRN  
0T/la1LVm7qHJJgffubfSTCo3mHSc8fEviQ8SFx9EcGTH4JeGXM2GSN+OKMjFeNtA1lu  
S4xbEwPu8HWDRsdUBV9DXOpsRZupvtj08k3X+tXWvWbaOMyWIDAQAB

[https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle\\_licitacion&idEvl=Qdg2zOcXpUEBPRBxZ4nJ%2Fg%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=Qdg2zOcXpUEBPRBxZ4nJ%2Fg%3D%3D)

Preparacion de Oferta  
true  
true





Rúa Pumar Méndez, 6 Cambre 15660

xabresc@gmail.com  
EMPRESA

277185346

2

Sobre DOUS

Neste sobre incluírase a documentación relativa á proposta suxeita a avaliación previa.  
Conterá a documentación cuxa valoración dependa de xuízos de valor relacionados no  
Anexo XIII do PCAP.

true

false

0

MIGfMA0GCSqGSIB3DQEBAQUAAAGNADCBiQKBgQCvICJsgG7CyQdogVhW/p  
VjoT+QXg4dCDKJvC0BQL212KyVly/sNFK0DLCK7oWHhe9yOhsDxRTIXjkdCKjat  
vwgeyQLC9Ni07vaHxDVpNzyBnUqmomILwLDs1f+sr62cyIBTdhAM/gpSly1/2ZBVk  
J890AMiiYY90hJC4S05N6qVQIDAQAB

false

277176604

SUBJ

Calidade do proxecto educativo

Ver Anexo XIII do PCAP

20

0

20

288136624

288136624

1

true

Oferta técnica

null





Sobre TRES

Neste sobre incluírase a documentación relativa á oferta económica ou avaliable mediante fórmulas. Conterá a documentación cuxa valoración dependa aplicación de criterios automáticos ou fórmulas consonte ao Anexo XIV do PCAP. O modelo para a presentación da oferta vén recollido no Anexo X do PCAP.

true

false

0

MIGfMA0GCSqGSIB3DQEBAQUAA4GNADCBiQKBgQDbtLLOzPM0tBt5QdWZIR  
XrAAN3r3HZj2PDMqHcxqKLrdZrXZJC1/3NEwptZtgWV0SokdG561+Hk/RRdDA  
RCWbfCnndxQ8ltxwsCJJX/KcA0mXYw3OCZ+ILI4s51Oft6YD12lxBA8PQLH8be2L  
OmYaY7t52A9hjSalhsmJyJpIwIDAQAB

false

277176603

OBJ

Oferta económica

Ver Anexo XIV do PCAP

20

0

20

277176602

OBJ

Mellora 1: Material

Ver Anexo XIV do PCAP

2

0

2

277176601

OBJ

Mellora 2: Accións complementarias

Ver Anexo XIV do PCAP

2

0

2

288136625

288136625

1

true

Oferta económica

null





277182772

1

Sobre UN

Neste sobre incluírase a documentación administrativa. Conterá os documentos  
na cláusula 2.2.5.1. do PCAP.

true

false

0

MIGfMA0GCSqGSIb3DQEBAQUAA4GNADCBiQKBgQCVGI+KP/K+TMZ3aVqB  
B41r0APjFUWu7EOGX6MsSU1FyzQd0D6gplzhuP7IjZ6wNM07OCgBbL24kqAGY  
WwvxWszsVpHzRDFnyJ2TeMv267FpQjaEsGJa3SFyeHBYAgwwYhuhoNkE0mTqR  
PVACBTxTUDOTG4wOwrLUCpFmKDz7kQIDAQAB

false

277174294

Solvencia Técnica/Económica Trabajos realizados

Establecido no Anexo VII do PCAP

288136591

1

true

DEUC

PDF

277170952

Capacidad de Obrar Capacidad de obrar

288136589

1

true

DEUC

PDF

277171784

Capacidad de Obrar-Cumplimiento con las obligaciones con la Seguridad  
Social

288136589

1

true

DEUC





277171695  
Capacidade de Obrar-Cumplimento con las obligaciones tributarias

288136589  
1  
true  
DEUC  
PDF

277171941  
Capacidade de Obrar-No estar incurso en incompatibilidades

288136589  
1  
true  
DEUC  
PDF

277172512  
Capacidade de Obrar-Para las empresas extranjeras, declaración de sometimiento a la legislación española.

288136589  
1  
true  
DEUC  
PDF

277171103  
Capacidade de Obrar-No prohibición para contratar

288136589  
1  
true  
DEUC  
PDF

277173545  
Solvencia Técnica/Económica-Cifra anual de negocio  
Establecido no Anexo VII do PCAP

288136592  
1





PDF

288136626

288136626

1

true

true

Documentación administrativa complementaria  
Neste apartado incluírase, nun único PDF asinado, a documentación  
administrativa esixida no PCAP diferente ao DEUC (anexo IV,  
compromiso de UTE...)

PDF

xabresc@gmail.com

false







O contido, evidentemente, non se corresponde cun proxecto educativo.

A doutrina vertida polos Tribunais de Contratación Administrativa é pacífica ao entender que o contido das ofertas non é subsanable, en aras de garantir a igualdade entre licitadores e facer valer o segredo das ofertas.

Así, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**TERCEIRO.-** Proceder á exclusión da licitadora dona LAURA MARÍA DELGADO LODEIRO (53.161.556-T), ao non terse presentado unha oferta lexible, e non ser esta ausencia de oferta subsanable.

A Mesa de Contratación, na sesión de 27 de novembro de 2019, tamén acordara remitir os arquivos ou sobres electrónicos núm. 2 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

Así, o informe referido asínase o día 12 de decembro de 2019 polo Técnico de Cultura don Diego García Mella.

A continuación, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a Mesa procede a tomar coñecemento do informe técnico emitido en relación co sobre nº 2 e, se é o caso, proceder á apertura do sobre nº 3 desta licitación.

Do devandito informe, extráense as seguintes puntuacións para os criterios subxectivos a valorar consonte ao Anexo XIII PCAP:

NOME DA EMPRESA	CALIDADE DO PROXECTO EDUCATIVO			PUNTUACIÓN SOBRE 2
	CONCORDANCIA MEDIO REAL	ADECUACION METODOLOXÍA	PROGRAMACIÓN ANUAL	
ANTONIO MANUEL ROMÁN VÁZQUEZ	1,00	1,00	11,00	13,00 / 20,00
APARICIO AÑÓN CAAMAÑO	1,25	1,25	12,00	14,50 / 20,00

O informe será colgado na Plataforma de Contratación do Estado xunto coa presente acta, para a súa consulta polas persoas interesadas en coñecer o contido do mesmo.

A Mesa procede, a continuación, á apertura dos sobres núm. 3, que conteñen a oferta económica e criterios sometidos a avaliación posterior.

Os sobres nº 3 son remitidos aos servizos económicos que asisten á Mesa, que comprobamos que ningunha das ofertas admitidas se atopa en situación de baixa temeraria consonte ao disposto na lexislación vixente e no PCAP.

Así, resultan as seguintes ofertas e puntuacións:





NOME EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		MELLORA 1: MATERIAL		MELLORA 2: ACCIÓNS COMPLEMENTARIAS		PUNTUACIÓN SOBRE 3
	Importe, sen IVE (*)	Puntuación	Importe	Puntuación	Horas	Puntuación	
ANTONIO MANUEL ROMÁN VÁZQUEZ	PT.- 24,29 €/hora PA.- 21,69 €/hora	0,00	2,00 %	2,00	5-9 horas	0,50	2,50
APARICIO AÑÓN CAAMAÑO	PT.-24,00 €/hora PA.-21,00 €/hora	0,00	2,00 %	2,00	De 20 horas en adiante	2,00	4,00

(\*) PT.- Profesor titular  
PA.- Profesor auxiliar

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSICIÓN	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	PUNTUACIÓN TOTAL
1	APARICIO AÑÓN CAAMAÑO	76.313.512-H	14,50	4,00	18,50
2	ANTONIO MANUEL ROMÁN VÁZQUEZ	34.901.548-Z	13,00	2,50	15,50

Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**CUARTO.-** Proponerlle ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de servizos denominado "CONTRATO ESCOLA MUNICIPAL DE OLERÍA (2020-2021)" a D. APARICIO AÑÓN CAAMAÑO polos seguintes prezos unitarios, sen IVE; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

- Horas profesor titular: 24,00 €/hora (sen IVE)
- Horas profesor auxiliar: 21,00 €/hora (sen IVE)





#### 4.- 2019/CONTRAT/000131: "LIMPEZA CEIP JUANA DE VEGA - NÓS"

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2019004782, de 12 de novembro, aprobouse a licitación do servizo de "LIMPEZA CEIP JUANA DE VEGA - NÓS", a través de procedemento aberto simplificado.

O orzamento da licitación é de 49.051,80 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (10.300,88 €), o que supón un importe de 59.352,68 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 12 de novembro do 2019.

Rematado o día 27 de novembro de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	N.I.F.	Data e hora de presentación da oferta
CLECE, S.A.	A-80.364.243	27-11-2019 12:02
CLN INCORPORA S.L.	B-33.978.487	27-11-2019 10:46
ITMA, S.L.U.	B-33.349.978	27-11-2019 17:38
UTE CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. - JARDINERÍA ARCE, S.L.	UTE: 247731	26-11-2019 16:49

Na sesión da Mesa de Contratación que tivo lugar o 28 de novembro de 2019, en acto non público, procedeuse á comprobación da documentación administrativa contida nos sobres ÚNICOS presentados polas empresas licitadoras.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta, polo que acorda por unanimidade dos asistentes admitir a tódalas empresas presentadas á licitación.

Procedeu a Mesa entón, na mesma sesión e en acto público ao que non se presenta ningún interesado á comprobación da documentación correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no anexo XIII do prego de cláusulas administrativas. Unha vez remitidas aos servizos económicos da Mesa as ofertas presentadas para que procedan á súa valoración, estes comprobaban que, consonte ao establecido nos pregos, a empresa CLN INCORPORA S.L. atopárase en situación de oferta anormalmente baixa.

Así, a Mesa de contratación acordou na citada sesión de 28 de novembro que se lle concedese á empresa CLN INCORPORA S.L. (B-33.978.487) un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares, en relación coa licitación 2019/CONTRAT/000131: "LIMPEZA CEIP JUANA DE VEGA - NÓS".

A empresa CLN INCORPORA, S.L. presentou o día 4 de decembro do 2019, dentro do prazo concedido,





a documentación que considerou oportuna para acreditar e xustificar a devandita baixa, que se remite aos servizos técnicos para a súa avaliación.

O día 11 de decembro do 2019 asínase informe no que se analiza a documentación presentada pola empresa.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do informe emitido e procedera, se é o caso, á valoración da documentación correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos.

Xa que logo, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente; o técnico dá conta do informe emitido, informe que consta no expediente e que conclúe considerando non xustificada a oferta anormalmente baixa presentada por "CLN INCORPORA, S.L."

O informe completo publicarase xunto con esta Acta no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

A Mesa, en consecuencia, toma coñecemento do informe emitido e, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Excluir da licitación á empresa CLN INCORPORA S.L. (B-33.978.487), por entender non xustificada a oferta anormalmente baixa presentada no procedemento de licitación 2019/CONTRAT/000131: "LIMPEZA CEIP JUANA DE VEGA - NÓS".

A continuación, a documentación presentada polos licitadores admitidos relativa á oferta económica e demais criterios obxectivos é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación.

Unha vez remitida a avaliación polo equipo técnico, este valorou as ofertas admitidas de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:

NOME EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		MELLORAS NA PERIODICIDADE		LIMPEZA DE CANALÓNS		PUNTUACIÓN SOBRE ÚNICO
	Importe	Puntuación	Periodicidade	Puntuación	Sí/Non	Puntuación	
CLECE, S.A.	46.854,28 €	1,67	Ofrécense tódalas melloras	5,00	SI	2,00	8,67
ITMA, S.L.U.	41.537,91 €	5,68	Ofrécense tódalas melloras	5,00	SI	2,00	12,68
UTE LÓPEZ CAO – ARCE.	49051,80 €	0,00	Non se ofrece	0,00	NON	0,00	0,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:





LIMPEZA CEIP JUANA DE VEGA - NÓS			
POSICIÓN	EMPRESA	NIF	PUNTUACIÓN
1	ITMA, S.L.U.	B-33.349.978	12,68
2	CLECE, S.A.	A-80.364.243	8,67
3	UTE CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. - JARDINERÍA ARCE, S.L.	UTE: 247731	0,00

E a Mesa de Contratación, vistas as puntuacións obtidas, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Proponerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "LIMPEZA CEIP JUANA DE VEGA - NÓS" á empresa ITMA, S.L.U., con CIF B-33.349.978 polo importe de 41.537,91 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe do Presidente.

**En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación dona María José Varela Neira.**

